



## NOTA INFORMATIVA SOBRE A ADMISIÓN DE ALUMNADO

### NORMATIVA REGULADORA

Orde do 12 de marzo de 2013, ( DOG 15 de marzo), na que se desenvolve o Decreto 254/2012 do 13 de decembro pola que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013, ( DOG 15 de marzo), na que se desenvolve o Decreto 254/2012 do 13 de decembro pola que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o proceso de admisión do alumnado en centros con fondos públicos para o curso 2020-2021. (Están á disposición da Comunidade Educativa na Secretaría do Centro.)

### ASPECTOS A TER EN CONTA:

1. Cada alumno só pode presentar **una única solicitude** no centro que solicite en primeiro lugar. Esta solicitude poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillos/as común dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Nos demais casos, requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situación de violencia de xénero.
  - Pódese cubrir de xeito manual solicitando o impreso na secretaria do centro, descargándoo da páxina web do centro, desde a aplicación admisionalumnado ou desde a sede electrónica.
  - De forma electrónica a través da aplicación *admisionalumnado*, no enderezo: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>Poden cubrir o formulario de admisión a través do menú **Solicitudes - Admisión - Crear solicitude de admisión**. Feito iso poden optar por:
  - 1) Imprimir dito formulario e achegalo ao centro educativo que escollan para o seu fillou ou filla en primeiro lugar.
  - 2) Se dispoñen de certificado dixital, presentalo en Sede Electrónica a través da aplicación.
2. Xunto co impreso de solicitude deben presentar a seguinte documentación:
  - Fotocopia do DNI dos pais e do alumno/a, se o ten.
  - Fotocopia do Libro de Familia completo.
  - Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso. **No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles.**
  - Certificado de de matrícula, no caso de vir doutro centro educativo. Neste caso debe presentar copia da solicitude de admisión no centro de orixe.



3. O alumnado ten garantida a permanencia no centro. Se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá presentar copia da mesma, no centro de orixe.
4. O alumnado que ten reservada praza nun centro adscrito (1º de E. primaria e/ou 1º de ESO), se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar no centro de orixe a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitude de admisión.
5. A presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: **25 de marzo ao 14 de abril.**
6. A publicación das listaxes provisionais de alumnas e alumnos admitidos e non admitidos: o **25 de abril**. Contra esta listaxe poderá formular reclamación no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o Consello Escolar.
7. A publicación de listaxes definitivas de alumnos admitidos e non admitidos: **antes do 15 de maio.**
8. O **IPREM** correspondente ao ano 2018 está cifrado en **6.454,03€**. (Para calcular a renda per cápita deben sumar as casiñas da Declaración da Renda 435+460 se é conxunta, ou de ambas declaracións se é individual, e dividir entre o número de membros da unidade familiar) . A situación da unidade familiar é a correspondente ao 29 de febreiro de 2020.
9. Centro adscrito: IES LAXEIRO.
10. As letra que saíron no sorteo en caso de empate no baremo este ano foron **“T”- “G”**, para o primeiro apelido, e **“E”- “X”** para o segundo apelido.
11. Área de influencia: plano adxunto.
12. Este Centro oferta servizo de comedor, regulado polo *DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.*
13. **O prazo para formalizar a matrícula: Do 20 ao 30 de xuño.**
14. **Criterio complementario establecido por este Centro aprobado polo Consello Escolar:**
  - 1 punto por zona de influencia do domicilio familiar.

Lalín, a 27 de febreiro do 2020.

CEIP MANUEL RIVERO